

A Europa dos 27 e as súas implicacións para América Latina

María Elisa Gentile

América Latina e os novos socios europeos

Durante moito tempo, tanto Europa como América Latina compartían puntos en común como as dificultades na modernización, o transcurso das reformas económicas e os procesos de democratización, despois dunhas severas ditaduras.

Por unha banda, as reformas aplicadas nos países do leste europeo tiñan efectos contraditorios na vinculación con América Latina, xa que se reestruturaba o comercio e a distribución xeográfica das súas exportacións e comezaban a xurdir numerosos axentes privados que buscaban a súa contraparte ou parceiro no resto do mundo.

América Latina, pola súa banda, inmersa tamén nun proceso de reestruturación económica, de privatizacións e apertura de mercados, percibía como competidores directos aos países do leste tanto nas exportacións cara á UE como na atracción dos investimentos estranxeiros directos.

En canto ao comercio entre ambas áreas, a estrutura das exportacións latinoamericanas a Europa do Leste se concentraba nalgúns poucos produtos, case todos agrícolas básicos e minerais, a diferenza das importacións dende esa zoa, que eran moito máis diversificadas.

Os principais produtos que América Latina vende ao ex-bloque socialista europeo son alimentos (ao redor do 68% do total), seguidos por metais e minerais (17%) e manufacturas (13%). Brasil e Arxentina aportan o 75% das exportacións totais de alimentos mentres que o resto lle corresponde a Colombia, Ecuador, México e Uruguai.

En canto ás exportacións dos PECOS (Países de Europa Central e Oriental) cara á América Latina, as que se dirixen a América do Sur son maiores que as destinadas cara o resto da rexión, concentrándose no MERCOSUR e a Comunidade Andina, destacando entre outras as exportacións de fertilizantes químicos, pranchas de ferro e produtos de aceiro e automóbiles.

Cara ao fin de milenio, América Latina non figuraba entre os principais intereses comerciais europeos, o cal é recíproco debido a que esta rexión tampouco consideraba aos antigos membros do CAME como socios permanentes importantes. A pesar disto, ningún grupo quería perder os pasos dados ata agora, interesados en manter os nichos conquistados.

Como contrapartida, percibíase a posibilidade de que se incrementase o poder adquisitivo dos cidadáns do leste, así como que incorporasen hábitos de consumo

occidentais, entre eles a demanda de maior calidade na elección das súas compras, co cal podería beneficiarse a nosa rexión.

A UE ampliada: un modelo con forte impacto en América latina

A 50 anos de súa fundación, a Unión Europea é, indubidablemente, un modelo a considerar tendo en conta que a integración latinoamericana é incipiente, a miúdo errática e fragmentada, coexistindo diferentes áreas con distintos niveis de integración, a miúdo superpostos.

Por outra banda, o punto de partida para a integración en América Latina tamén foi diferente, xa que non foi inducido por ningunha devastación bélica senón polo interese mutuo de conformaren diversas asociacións subrexionais que promovan o desenvolvemento así como lograr unha mellor inserción internacional, a pesar do cal non existiu o proxecto de conformar un megabloque.

“Os países latinoamericanos teñen moito que aprender da UE en materia de integración económica, social e política para seguir avanzando no seu propio proceso de integración rexional e subrexional. Entre outras cosas, deben de coñecer mellor as institucións que permitiron aos europeos coordinar progresivamente políticas macro e microeconómicas, a pesar das diferentes estruturas nacionais, e a transformación das súas economías destruídas pola guerra ata converxer en espazos económicos integrados”⁽¹⁾.

Segundo Néstor Restivo, “o MERCOSUR sempre soñou con construírse ao estilo da Unión Europea. Máis que coa integración norteamericana (o NAFTA) ou outras coetáneas, Brasil e Arxentina, os primeiros construtores do proxecto, e o seu eixo miráronse ao espello da UE por azos históricos e valores culturais compartidos”⁽²⁾.

América Latina observa con sumo interese e certo temor o proceso de ampliación europeo que, na posguerra fría adquire magnitudes considerables, o cal non sucedeu coas ampliacións anteriores con excepción do ingreso de España e Portugal, en 1986, que representou un impacto sen precedentes dada a súa natural e estreita vinculación con América Latina.

Nesta nova instancia, unha parte do temor xeral en América Latina constituía o tema dos investimentos, xa que a rexión perdía credibilidade trala denominada “década perdida” dos oitenta, e xa se vía como unha rexión inestable fronte a unha Europa oriental que, a pesar das dificultades de transición, resultaba máis atractiva, ofrecendo ademais maior seguridade e garantías ao se rexer polas mesmas normas xurídicas que a UE. É por isto que gran parte das mesmas comezaron a orientarse cara alí en detrimento do continente americano.

(1) CEPAL: *América Latina en la agenda de transformaciones estructurales de la Unión Europea*, Santiago de Chile, Serie Temas de Coyuntura, xullo de 1999, páxina 41.

(2) RESTIVO, Néstor: *El Mercosur en el espejo de Europa*, Clarín, 25 de marzo de 2007, páxina 27.

“Hoxe en día existe a tentación de considerar a axuda ao sur como unha axuda sen cesar e sen dividendos, en contraste co rendemento relativamente rápido que poderá dar a axuda a Europa oriental, tanto no político como no económico e social, exercendo presións para baixar as partidas comprometidas”⁽³⁾.

Por outra banda, as relacións dos dous bloques coa UE tiñan unha magnitude diferente xa que para os países europeos orientais a Unión Europea constituía a maior parte do seu comercio exterior, mentres que para os países latinoamericanos representaba unha cota menor. Ademais a súa proximidade xeográfica constituía outro factor adicional positivo á hora de atraer investimentos sendo considerada como parte dunha familia común.

Hai que lembrar que o comercio entre a Unión Europea e América Latina é interindustrial concentrándose as súas exportacións en produtos primarios mentres que as vendas comunitarias europeas á rexión latinoamericana se compoñen, en liñas xerais, de produtos industrializados.

Os países socios da UE, dun xeito xeral, se beneficiarían da ampliación cun mercado común alargado e coa simplificación de procedementos aduaneiros, comerciais e administrativos, ademais de diminuír os dereitos aduaneiros no plano agrícola e industrial.

Os dereitos de aduana de sete dos dez novos socios superaban aos da UE pero non sucedía o mesmo cos dos tres países bálticos (Estonia, Letonia e Lituania), o que pode significar que deban incrementar os seus aranceis. “Coa aplicación do arancel externo común, os dereitos impostos aos produtos agrícolas pasaran, por termo medio, do 18,7% ao 16,2% e os impostos aos produtos industriais, do 4,8% ao 3,6%”⁽⁴⁾. América Latina aumentou pouco as súas exportacións de manufacturas se comparamos co incremento maior das exportacións manufactureiras dos PECOS.

En canto ás importacións que realiza a UE creceron máis as que proveñen dos PECO cás de América Latina. “As exportacións de América Latina cara o mundo no período 1990-2002 creceron a un ritmo igual ao 7,9%, as dos PECOS fixérono a un ritmo superior (10,8%) e, no tocante ás exportacións dirixidas por cada grupo de países cara á Unión Europea, existe unha gran diferenza, con maiores taxas de crecemento por parte dos PECOS, que ademais aumentaron o seu coeficiente de exportacións cara á UE a un ritmo anual de 6,1%, mentres que América Latina viuse diminuída a participación da UE nas súas exportacións totais a un ritmo de -5,5% anual.”⁽⁵⁾.

A estrutura comercial suxire que as exportacións de ambas rexións cara á UE son fundamentalmente complementarias, existindo unha superposición moi dé-

(3) GILL, Henry S: *Las implicaciones económicas para América Latina y el Caribe de los cambios en Europa Oriental*, Revista Capítulos del SELA, número 24, xaneiro-marzo de 1990, caracas, 1990, páxina 993.

(4) Comisión Europea: *La Unión Europea, América latina y el Caribe: una asociación estratégica*, Bélxica, 2004, páxina 35.

(5) DURÁN LIMA, José e MALDONADO, Raúl: *La ampliación de la Unión Europea hacia los países de Europa central y oriental: una evaluación preliminar del impacto para América Latina y el Caribe*, páxina 25.

bil. A similitude atópase principalmente nos produtos de aceiro e téxtiles. No primeiro caso, aínda que houbera unha redución da participación no mercado europeo do maior exportador de aceiro de América Latina, nese caso Brasil, aínda non se pode determinar se isto derivaría da aplicación de trato preferente en beneficio dos PECOS, ou da perda real de competitividade dos produtos brasileiros.

Por outra banda, o trato preferente outorgado ás importacións comunitarias de produtos téxtiles e artigos de confección procedentes dos PECOS, podería constituír a principal orixe da redución da participación de América Latina no mercado comunitario.”⁽⁶⁾.

En definitiva, son poucos os produtos exportados de América Latina e dos países do leste europeo que compiten entre si, xa que estes últimos, en xeral, son máis elaborados e incorporan maior valor engadido que os de América Latina. Por outra banda, a maioría dos produtos básicos exportables de ambas áreas (minerais, produtos de agricultura e pesca) se diferencian, entre outras razóns por motivos climáticos, e non compiten nos mercados en cuestión, por exemplo, a banana e o café.

“Comparando a estrutura das importacións da UE desde ambas rexións, o índice de superposición resultou ser sorprendentemente baixo. Por exemplo nas manufacturas, que en 1994 representaban o 70% do total das importacións europeas dos PECOS, con respecto a un 20% das compras a Latinoamérica”⁽⁷⁾.

En materia agrícola, cabe aclarar que en xeral os produtos exportables de América Latina non entran en competencia, en boa medida, cos produtos europeos e por iso se abre un mercado maior para as exportacións aínda que a situación é diferente para os países do Cono Sur onde a súa produción tamén é similar, dada as características xeográficas.

En canto á competencia pola UE hai que distinguir varios aspectos. Para a UE importa moito a calidade e o cumprimento dos requisitos sanitarios, polo cal a actualización que deben facer os mercados orientais é importante e lenta, xa que estaban acostumados ao mercado interno de Rusia con menores esixencias.

Os países de Europa central e oriental teñen importantes sectores agrícolas e gandeiros, non obstante desde outro punto de vista, a PAC vaise repartir entre 25 e non entre 15, xa que a pesar do incremento do número de membros, a Unión Europea comprometeuse a non aumentar o orzamento agrícola, o cal significa unha diminución da axuda por produtor. O orzamento comunitario sufrirá os efectos das axudas aos novos membros.

“Hai que lembrar que na modificación da PAC, a mediados de 2003, a UE comprometeuse a “reassignar” as axudas: de cantidade producida a produtores. Por outra banda, manterán constante a partida orzamental destinada a subsidios, aínda coa ampliación “isto indica que haberá unha reasignación, e o pre-

(6) *Ibidem*, páxina 24.

(7) RISI, Marcelo: *América Latina y Europa del Este: ¿Competidores por la simpatía de Europa Occidental?*, Revista Desarrollo y Cooperación, D y C, número 2/1998, marzo/abril de 1998, páxina 2.

ocupante é o estímulo marxinal que xerará ese euro quitado ao agricultor francés para llo dar ao polaco”⁽⁸⁾.

“A pesar dos avances que realizaron, a modernización dos sectores agrícolas dos países de Europa central e oriental é aínda incompleta, polo cal a súa incorporación completa á PAC será gradual, xa que a UE-15 sostén que outorgarlles o 100% dos pagos directos desde o momento da súa incorporación tería como efecto retrasar a súa reestruturación agrícola”⁽⁹⁾.

Comezouse a aplicar o SXP (Sistema Xeral de Preferencias) que beneficiaría aos países en desenvolvemento coa redución arancelaria. Este sistema pretende favorecer a industrialización dos países menos desenvolvidos mediante un réxime aduaneiro especial que contemple reducións e supresións de dereitos de aduana para produtos industrializados e algúns produtos agrícolas. Non obstante, cando un país alcanza un nivel de desenvolvemento superior aos beneficios do SXP son suprimidos en dito sector. En América Latina, os países excluídos foron Arxentina, Brasil, Chile, México e Uruguai.

Pero os novos socios comezaron a aplicar restricións en forma de cotas e elevados aranceis de importación que a UE impón ás compras de certos produtos. É dicir, as cotas que antes limitaban o acceso a 15 países restrinxen a entrada a 27, incluídos algúns en que só se abonaban tarifas de importacións.

Por outra banda, como aspecto negativo, hai que sinalar que América Latina se sitúa no último lugar da pirámide de preferencias. Por iso, nalgúns casos pódense observar políticas máis proteccionistas cara os produtos da rexión latinoamericana, aínda que a mesma non semella ser produto das sucesivas ampliacións.

“América Latina non pode pretender compartir a considerable atención económica e política que a CE presta aos países cos que comparte fronteiras, en particular as nacións mediterráneas e de Europa Oriental, onde a ameaza das correntes migratorias e a inestabilidade política poderían levar á Comunidade a asumir compromisos económicos aínda máis xenerosos. Ademais, América Latina carece dunha tradición recente de comercio saudable e en aumento coa Comunidade Europea, como o que mantíña a Asociación de Nacións do Sudeste Asiático e o mundo industrializado”⁽¹⁰⁾.

Aínda que antes do ingreso de España e Portugal percibíase a escasa importancia que revestía a rexión para Europa. Como sinalaba o antigo ministro de exteriores do goberno de Felipe González, un detalle administrativo asombroso: para atender as cuestións de toda América Latina non había, en 1985, máis funcionarios na Comisión Europea que para os asuntos dun só país do grupo ACP, e non precisamente o máis importante, senón o pequeno Benín⁽¹¹⁾.

(8) La Nación: *Efectos de la ampliación en Europa. Sección Comercio Exterior*, 29 de xuño de 2004, páxina 7.

(9) CEI, Centro de Economía Internacional: *Efectos sobre Argentina de la ampliación europea*, Serie Estudios del CEI, número 7, maio de 2004, páxina 7.

(10) Revista Síntesis: *Cooperación Europa-América Latina*, Revista Documental de Ciencias Sociales Iberoamericanas, número 18, Madrid, 1992, páxina 21.

(11) SUKUP, Víctor: *Europa y la Globalización*, Editorial Corregidor, Bos Aires, 1998, páxina 268.

“América Latina ten escasa importancia no comercio comunitario europeo e permaneceu á marxe do trato preferente recibido por outras áreas en desenvolvemento. O recente achegamento no terreo político institucional non evitou o debilitamento das súas relacións económicas e comerciais”⁽¹²⁾.

Como contrapartida, a percepción desde América Latina é que esta rexión posúe maiores vinculacións con Estados Unidos, por certo non exentas de conflitos, e a Unión Europea amósase como un socio descoñecido e distante.

“Algúns países latinoamericanos e do Caribe perciben á Unión Europea un tanto distante e complexa. En canto ao hemisferio americano, Europa o concibe, en termos políticos, en constantes reordenamentos, diverxente nas súas prioridades comerciais e sobrepoñendo por momentos consideracións conxunturais a unha necesaria visión de longo prazo, integradora e con cohesión social”⁽¹³⁾.

América Latina representa apenas o 5% do comercio total da UE, cunha balanza comercial desfavorable e, a pesar de que o comercio interrexional creceu desde 1990, isto debíase ao maior volume de importacións que América Latina realizaba dende a UE.

Entre as razóns que explican este fenómeno atópanse a cantidade de barreiras comerciais e medidas de protección que impón a UE aos produtos que proveñen de América Latina, especialmente os agrícolas.

“Europa, sosteñen indebidamente algúns, non mostra suficiente interese en América Latina. Quizais sexa apropiado admitir que, a súa vez, América Latina débese presentar cohesionada nos seus intereses, sería nos seus compromisos, comprometida cos valores democráticos, integrada nos compromisos globais actuais pola paz, a seguridade e a xustiza social. E entón espertaremos un renovado interese europeo”⁽¹⁴⁾.

Segundo Lorena Ruano, “a nota positiva en todo este tema é que a cooperación entre México, América Latina e a UE non se limita ao orzamento comunitario, senón que cada Estado europeo ten tamén os seus propios programas de cooperación, que probablemente son máis xenerosos no seu conxunto e están suxeitos a lóxicas orzamentais diferentes e que non se verán ameazados da mesma maneira”⁽¹⁵⁾.

A pesar das relacións económicas asimétricas e da diminución de vínculos, nos albores do século XXI unha nova oportunidade presentábase, polo menos co novo bloque que xurdía en América Latina, o MERCOSUR: a posibilidade de desenvolver unha asociación estratéxica que conducira a un acordo de libre comercio.

(12) CEPAL, op.cit., páxina 9.

(13) El Diario de Hoy, *El Salvador: nuevo acercamiento hacia Europa*, <http://www.elsalvador.com/>, 29 de maio de 2004, páxinas 1-2.

(14) Íbidem, páxina 2.

(15) RUANO, Lorena: *Retos y oportunidades de la ampliación de la Unión Europea para México y América Latina*, páxina 7, <http://www.ser.gov.mx/>.

Conclusiones

A escasa relevancia que ten hoxe América Latina para a Unión Europea é un fenómeno que se ven rexistrando desde hai un par de décadas, sen influír nesta situación as sucesivas ampliacións.

Por outra banda, de acordo coa análise precedente o comercio interrexional non semella estar afectado coa inclusión dos novos membros. Non obstante, unha situación oposta maniféstase cos investimentos, polo menos nos primeiros anos, estimuladas polas novas condicións xurídicas que imperan na área.

A incorporación destes estados non provocou un impacto tan grave como se estimaba, xa que só algúns produtos agrícolas de ambas rexións poden competir.

O aspecto negativo é que estes países adoptaran, a longo prazo, todo o acervo comunitario, cuxo emblema máis evidente é o discutido proteccionismo agrícola.

Por outra banda, o MERCOSUR como emblema dun continente que pretende rexurdir e integrarse nos tempos que corren móstrase expectante no proceso de negociacións coa UE, estancadas dende 2004, co obxectivo de concretar o acordo previsto.

María Elisa Gentile é profesora adxunta da Facultade de Ciencias Humanas da Universidade Nacional do Centro (UNICEN) de Arxentina.

Bibliografía

- CEI. Centro de Economía Internacional: *Efectos sobre Argentina de la ampliación europea*, Serie Estudios Regionales, número 7, Buenos Aires, maio 2004.
- CEPAL: *América Latina en la agenda de transformaciones estructurales de la Unión Europea*, División de Comercio Internacional y Financiamiento para el Desarrollo, Santiago de Chile, xullo de 1999.
- Comision Europea: *La Unión Europea, América Latina y el Caribe: una asociación estratégica*, Comunidades Europeas, Bélxica, 2004.
- Documentacion de la Comision Europea: *La Unión Europea sigue creciendo*, Comunidades Europeas, Bruxelas, Bélxica, 2001.
- DURAN LIMA, José e MALDONADO, Raúl: *La ampliación de la Unión Europea hacia los países de Europa central y oriental: una evaluación preliminar del impacto para América Latina y el Caribe*, CEPAL, Santiago de Chile, decembro de 2003.
- El Diario de Hoy de El Salvador: *Nuevo acercamiento hacia Europa*, 29 de maio de 2004, <http://www.elsalvador.com/>.
- GILL, Henry: *Las implicancias económicas para América Latina y el Caribe de los cambios en Europa oriental*. Revista Capítulos del SELA, número 24, xaneiro-marzo de 1990, Caracas, 1990.
- La Nacion (periódico arxentino): *Efectos de la ampliación en Europa*, en *Sección Comercio Exterior*, 29 de xuño de 2004.
- RESTIVO, Néstor: *El Mercosur, en el espejo de Europa* en *Clarín*, 25 de marzo de 2007.
- Revista Síntesis: *Cooperación Europa-América Latina*, Revista Documental de Ciencias Sociales Iberoamericanas, número 18, Madrid, 1992.
- RISI, Marcelo: *América Latina y Europa del este: ¿Competidores por la simpatía de Europa occidental?*, Revista Desarrollo y Cooperación, D y C, número 2, marzo-abril 1998.
- RUANO, Lorena: *Retos y oportunidades de la ampliación de la Unión Europea para México y América Latina*, <http://www.ser.gov.mx/>.
- SUKUP, Viktor: *Europa y la Globalización. Tendencias, problemas, opiniones*, Editorial Corregidor, Buenos Aires, 1998.